



NOTA INFORMATIVA: Produtos vacinais dispoñibles para o seu uso no calendario sistemático de vacinacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

O obxecto desta nota é informar sobre os produtos vacinais dispoñibles para utilizar no calendario de vacinación sistemática infantil durante os anos 2015, 2016 e os 3 primeiros meses do ano 2017.

A necesidade desta información vén dada, por unha parte, polos cambios ocasionados polo desabastecemento da vacina dTpa (o que derivou na adaptación temporal do Programa Galego de Vacinación), así como a precariedade no número de doses dispoñibles da vacina pentavalente (DTPa/IPV/Hib) e, por outra, á resolución do concurso para a adquisición das vacinas nestes próximos anos.

Inclúense os nomes comerciais das vacinas de utilización sistemática.

Calendario vacinal (D.O.G. do 9 de abril de 2.015). Modificación e adaptación temporal (maio 2015).

XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE SANIDADE

Adaptación do Calendario do Programa Galego de Vacinación

maio 2015*

<div style="background-color: #f0e68c; padding: 5px; border: 1px solid black;"> 0 meses Hepatite B </div>	<div style="background-color: #c0392b; padding: 5px; border: 1px solid black;"> 2 meses Vacina Hexavalente <small>(DTPa, IPV, Hib, HB)</small> <div style="background-color: #7ed321; padding: 2px; border: 1px solid black; margin-top: 5px;"> Pneumo conxugada </div> </div>	<div style="background-color: #c0392b; padding: 5px; border: 1px solid black;"> 4 meses Vacina Hexavalente <small>(DTPa, IPV, Hib, HB)</small> <div style="background-color: #5dade2; padding: 2px; border: 1px solid black; margin-top: 5px;"> Meningococo-C </div> <div style="background-color: #7ed321; padding: 2px; border: 1px solid black; margin-top: 5px;"> Pneumo conxugada </div> </div>	<div style="background-color: #c0392b; padding: 5px; border: 1px solid black;"> 6 meses Vacina Hexavalente <small>(DTPa, IPV, Hib, HB)</small> </div>	<div style="background-color: #c0392b; padding: 5px; border: 1px solid black;"> 12 meses Triple Vírica <small>(Sarampelo, Parotidite, Rubéola)</small> <div style="background-color: #5dade2; padding: 2px; border: 1px solid black; margin-top: 5px;"> Meningococo-C </div> <div style="background-color: #7ed321; padding: 2px; border: 1px solid black; margin-top: 5px;"> Pneumo conxugada </div> </div>
<div style="background-color: #27ae60; padding: 5px; border: 1px solid black;"> 18 meses Vacina Pentavalente <small>(DTPa, IPV, Hib)</small> ou Vacina Hexavalente <small>(DTPa, IPV, Hib, HB)</small> </div>	<div style="background-color: #c0392b; padding: 5px; border: 1px solid black;"> 3 anos Triple Vírica <small>(Sarampelo, Parotidite, Rubéola)</small> </div>	<div style="background-color: #c0392b; padding: 5px; border: 1px solid black; position: relative;"> 6 anos dTpa Aprazada temporalmente </div>	<div style="background-color: #c0392b; padding: 5px; border: 1px solid black;"> 12 anos Varicela <small>Só susceptibles (persoas non vacinadas ou que non pasaran a enfermidade)</small> <div style="background-color: #5dade2; padding: 2px; border: 1px solid black; margin-top: 5px;"> Meningococo-C </div> </div>	<div style="background-color: #c0392b; padding: 5px; border: 1px solid black;"> 14 anos Td <small>(Tétano, Difteria)</small> <div style="background-color: #7ed321; padding: 2px; border: 1px solid black; margin-top: 5px;"> VPH (só rapazas) <small>(Virus do papiloma humano) A partir do 2016 adminístrase aos 14 e aos 12 anos</small> </div> </div>

* Adaptación temporal, mentras duren os problemas de subministración das vacinas pentavalentes e dTpa



PRODUTOS VACINAIS DISPOÑIBLES PARA OS ANOS 2015-2017

RECÉN NACIDO


0 meses
 Hepatite B

Vacunación fronte á hepatite B (HB)


1ª dose de vacina fronte á hepatite B (administraráselle ao neonato nas primeiras horas da súa vida no hospital ou maternidade).

Vacinas:

HBVAXPRO® 5 microgramos - Sanofi Pasteur MSD (ata fin de existencias)



ENGERIX-B® 10 microgramos - Glaxo Smith Kline (GSK) (vacina adjudicataria do concurso, subministrarase ao esgotar as doses de HBVAXPRO® 5)



Presentación:

Xiringa precargada con dúas agullas intercambiáveis de diferente tamaño.

Vía e lugar de administración:

Intramuscular, na cara anterolateral externa da coxa.

DOUS MESES

2 meses


Vacina
 Hexavalente
 (DTPa, IPV, Hib, HB)

Pneumo
 conxugada

Vacunación fronte á difteria-tétano-tose ferina (DTPa), polio (IPV), haemophilus influenzae b (Hib) e hepatite B (HB)

1ª dose de vacina combinada hexavalente (DTPa+IPV+Hib+HB)

Vacina: INFANRIX HEXA® - Glaxo Smith Kline (GSK)



**Presentación:**


Xiringa precargada (suspensión) e vial (polvo liofilizado) para reconstituír, con dúas agullas separadas.

Vía e lugar de administración:

Intramuscular, na cara anterolateral da coxa.

Vacunación fronte ao pneumococo

1ª dose de vacina antipneumocócica conxugada trecevalente

Vacina: PREVENAR13® - Pfizer**Presentación:**

Xiringa precargada con agulla separada.

Vía e lugar de administración:

Intramuscular, na cara anterolateral da coxa.

CATRO MESES

4 meses
 Vacina Hexavalente (DTPa, IPV, Hib, HB)
 Meningococo-C
 Pneumo conxugada

Vacunación fronte á difteria-tétano-tose ferina (DTPa), polio (IPV), haemophilus influenzae b (Hib) e hepatite B (HB)

[Neste momento e mentres duren os problemas de desabastecemento das vacinas pentavalentes e dTpa, a dose de vacina pentavalente substitúese temporalmente pola hexavalente].

2ª dose de vacina combinada hexavalente (DTPa+IPV+Hib+HB)

Vacina: INFANRIX HEXA® - Glaxo Smith Kline (GSK)



Presentación:

Xiringa precargada (suspensión) e vial (polvo liofilizado) para reconstituír, con dúas agullas separadas.

Vía e lugar de administración:

Intramuscular, na cara anterolateral da coxa.

Vacunación fronte ao meningococo C

1ª dose de vacina antimeningocócica C

Vacina: NeisVac-C® - Pfizer



Presentación:

Xiringa precargada con dúas agullas intercambiabes de diferente tamaño.


Vía e lugar de administración:

Intramuscular, na cara anterolateral da coxa.

Vacunación fronte ao pneumococo

2ª dose de vacina antipneumocócica conxugada trecevalente

Vacina: PREVENAR13® - Pfizer



Presentación:

Xiringa precargada con agulla separada.

Vía e lugar de administración:

Intramuscular, na cara anterolateral da coxa.



SEIS MESES

6 meses

Vacina
 Hexavalente
 (DTPa, IPV, Hib, HB)

Vacunación fronte á difteria-tétano-tose ferina (DTPa), polio (IPV), haemophilus influenzae b (Hib) e hepatitis B (HB)

3ª dose de vacina combinada hexavalente (DTPa+IPV+Hib+HB)

Vacina: INFANRIX HEXA® - Glaxo Smith Kline (GSK)



Presentación:

Xiringa precargada (suspensión) e vial (polvo liofilizado) para reconstituír, con dúas agullas separadas.

Vía e lugar de administración:

Intramuscular, na cara anterolateral da coxa.

DOCE MESES

12 meses

Triple Vírica
 (Sarampelo,
 Parotidite, Rubéola)

Meningococo-C

Pneumo
 conxugada

Vacunación fronte ao sarampelo, rubéola e parotidite

1ª dose de vacina TV (Sarampelo+Parotidite+Rubéola)

Vacina: PRIORIX® - Glaxo Smith Kline (GSK)



Presentación:

Xiringa precargada (disolvente) e vial (polvo) para reconstituír, con dúas agullas separadas.

Vía e lugar de administración:

Subcutánea na rexión externa do músculo deltoide.



Vacunación fronte ao meningococo C

2ª dose de vacina antimeningocócica C

Vacina: NeisVac-C® - Pfizer



Presentación:

Xiringa precargada con dúas agullas intercambiáveis de diferente tamaño.


Vía e lugar de administración:

Intramuscular, na cara anterolateral da coxa / rexión externa do músculo deltoide.

Vacunación fronte ao pneumococo

3ª dose de vacina antipneumocócica conxugada trecevalente

Vacina: PREVENAR13® - Pfizer



Presentación:

Xiringa precargada con agulla separada.

Vía e lugar de administración:

Intramuscular, na cara anterolateral da coxa / rexión externa do músculo deltoide.



DEZAOITO MESES

18 meses
 Vacina
 Pentavalente
 (DTPa, IPV, Hib)
 ou
 Vacina
 Hexavalente
 (DTPa, IPV, Hib, HB)

Vacunación fronte á difteria-tétano-tose ferina (DTPa), polio (IPV), e haemophilus influenzae b (Hib)


Dose de vacina combinada pentavalente (DTPa+IPV+Hib)

Vacina (segundo dispoñibilidade):

PENTAVAC® - Sanofi Pasteur MSD (ata fin de existencias)



INFANRIX IPV/HIB® - Glaxo Smith Kline (GSK) (subministrarse ao rematar as doses de PENTAVAC®)



Presentación:

Xiringa precargada (suspensión) e vial (polvo liofilizado) para reconstituír con dúas agullas separadas.

Vía e lugar de administración:

Unha vez reconstituída, intramuscular na rexión externa do músculo deltoide ou cara anterolateral do muslo.



TRES ANOS

3 anos

Triple Vírica
(Sarampelo,
Parotidite, Rubéola)

Vacunación fronte ao sarampelo, rubéola e parotidite

2ª dose de vacina TV (Sarampelo+Parotidite+Rubéola)

Vacina: PRIORIX® - Glaxo Smith Kline (GSK)



Presentación:

Xiringa precargada (disolvente) e vial (polvo) para reconstituír,
con dúas agullas separadas.

Vía e lugar de administración:

Subcutánea na rexión externa do músculo deltoide.

SEIS ANOS

6 anos

dTpa
Aprazada
temporalmente

Vacunación fronte á difteria-tétano-tose ferina acelular e de baixa carga antixénica (dTpa).

Neste momento está aprazada a súa administración, debido á non existencia de doses por problemas de produción no compoñente pertúsico nos laboratorios fabricantes, restablecerase en canto se solucione esta situación.





DOCE ANOS

12 anos

Varicela

So susceptibles (persoas non vacinadas ou que non pasaron a enfermidade)


Meningococo-C

Vacunación fronte á varicela

1ª dose da vacina fronte á varicela só a susceptibles: todas aquelas persoas que non foron vacinadas con anterioridade ou non pasaron a enfermidade.

Pauta de vacinación dúas doses: intervalo mínimo de administración 1 mes.

Vacina: VARIVAX®- Sanofi Pasteur MSD



Presentación:

Xiringa precargada (disolvente) e vial (polvo) para reconstituír, con dúas agullas separadas.

Vía e lugar de administración:

Intramuscular na rexión externa do músculo deltoide / subcutánea en caso de diáteses hemorráxica.

Vacunación fronte ao meningococo C

3ª dose de vacina antimeningocócica C

Vacina: NeisVac-C® - Pfizer



Presentación:

Xiringa precargada con dúas agullas intercambiáveis de diferente tamaño.

Vía e lugar de administración:


Intramuscular na rexión externa do músculo deltoide.



Vacunación fronte ao papiloma

A partir do 1 de xaneiro do ano 2016 adiantarase a idade de vacinación fronte ao papiloma en nenas aos 12 anos de idade. Pauta dúas doses (0, 6 meses):

Vacina: CERVARIX®- Glaxo Smith Kline (GSK)




Presentación:

Xiringa precargada e agulla separada.

Lugar e vía de administración:

Intramuscular na rexión externa do músculo deltoide.


CATORCE ANOS



Vacunación fronte ao papiloma

Esta vacinación manterase para as rapazas de 14 anos ata que a cohorte das nenas de 12 anos vacinadas acade esta idade (2016 e 2017). Pauta dúas doses (0, 6 meses):

Vacina: CERVARIX®- Glaxo Smith Kline (GSK)



Presentación:

Xiringa precargada e agulla separada.

Lugar e vía de administración:

Intramuscular na rexión externa do músculo deltoide.



Vacunación fronte ao tétano e difteria

Unha dose de vacina Td tipo adulto.

Vacina: DIFTAVAX®- Sanofi Pasteur MSD



Presentación:

Xiringa precargada con agulla.

Lugar e vía de administración:

Intramuscular na cara externa do deltoide.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2015